CONCELLO DE OROSO

Concello de Oroso



Guía Turística

Como acceder
Datos xerais
Xeografía | Demografía
Servicios
Para aloxarse | Para comer
Que visitar
Patrimonio arqueolóxico
Megalitismo
Idade de Bronce
Cultura Castrexa
Arquitectura civil
Arquitectura relixiosa
Arquitectura tradicional
Muíños
Hórreos
Camiños históricos medievais
Camiño Inglés
Camiño Grande ou Francés
Sobrado
Espazos naturais de interese
Rutas de sendeirismo
Áreas recreativas
Feiras e festas
Rede Natura

Servizos

Para aloxarse

Hostal Hermanos Mirás
Sigüeiro 981 691 637
Hostal Os Carballos
Deixebre 981 680 714
Hospedaxe A Ruta
Trasmonte 981 682 768
Hospedaxe O Noso Mesón
Deixebre 981 680 833

Para comer

Bar Cortés
Sigüeiro 981 691 762
Restaurante Lar Blanco
A Gándara 981 688 922
Mesón Tambre
Sigüeiro 981 691 494
Parrillada Cachopal
O Cachopal 981 695 771
Mesón Caba
Sigüeiro 981 690 993
Hostal Hermanos Mirás
Sigüeiro 981 691 637
Restaurante Liñares
Est. de Vilacide 981 691 476
Restaurante A Cantina
Est. de Vilacide 981 691 576
Mesón Oroso
Oroso 981 694 764
Mesón Os Madeiros
Oroso 981 691 610
Mesón Os Mariñaos
Oroso 981 681 557
Parrillada O Noso Mesón
Deixebre 981 680 833
Hostal Os Carballos
Deixebre 981 680 714
Hospedaxe A Ruta
Trasmonte 981 682 768
Mesón Calviño
Trasmonte 981 697 403
Restaurante Balasar
Sigüeiro 981 691 372

PRAZA DE ISAAC DÍAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO–OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concellooroso.com

Como Acceder

Dende a *A–9* A autoestrada A–9 ten en Sigüeiro un servizo de entrada e saída só en dirección A Coruña. Se vimos do sur de Galicia, debemos saír en Santiago de Compostela —a 11 km de distancia da capital municipal, Sigüeiro— e enlazar coa N–550, que atravesa o termo municipal de Oroso de norte a sur. Ademais da estrada citada, sae outra de Sigüeiro a Frades polas parroquias da Gándara, Vilarromarís e Calvente. Dela nacen varios ramais que enlazan coas outras parroquias e lugares do municipio.

O aeroporto de Santiago de Compostela *(A Coruña)* está a pouco máis de 10 minutos en coche. Debemos tomar a AC–250 ata chegar a Sigüeiro, onde seguiremos pola N–550, que xa nos deixa nesta localidade.

Existen liñas regulares de **buses** en dirección a Santiago de Compostela e á Coruña con paradas ao longo da N–550, que nos comunican coa capital da Comunidade, Santiago de Compostela, que está a 11 km de distancia, así como coa Coruña, que dista 49 km.

O **tren** non é unha opción moi cómoda, pois require o uso doutro medio de transporte que nos aproxime ao municipio de Oroso. O apeadeiro máis próximo é o de Fosado situado no municipio de Ordes.

Datos Xerais

Xeografía

O municipio de Oroso, que se estende sobre unha superficie de 72,23 km², ofrece unha paisaxe rural sen a penas contrastes xeográficos.

O monte Costa (de 329 metros) na parroquia de Trasmonte e o Petón (de 375 metros) na de Senra, ambos ao norte do municipio e no límite co de Ordes, son as máximas cotas que alcanza o relevo de Oroso. A partir delas, o perfil orográfico,

lixeiramente ondulado e sen fortes contrastes, vai descendendo ata as beiras do Tambre, que lle serve de límite polo sur. Na esquina suroeste, pouco despois de pasar por debaixo da ponte de Sigüeiro, o Lengüelle únese ao Tambre. Os demais ríos, como o Carboeiro, o Samo ou o Maruzo, baixan en dirección norte–sur, formando variados e harmoniosos vales.

O municipio de Oroso engloba un total de 11 parroquias: Os Ánxeles, Calvente, Cardama, Deixebre, A Gándara, Marzoa, Oroso, Pasarelos, Senra, Trasmonte e Vilarromarís.

Os límites de Oroso son o municipio de Santiago de Compostela e O Pino polo sur, Trazo polo oeste, Tordoia e Ordes polo norte e Frades polo leste.

Demografía

Demograficamente, o concello de Oroso experimentou un incremento importante da súa poboación, debido en gran medida á localización do municipio entre os puntos urbanos de Ordes e Santiago de Compostela.

A súa situación limítrofe con Santiago de Compostela configurou o carácter e as tendencias económicas e sociais das últimas décadas en Oroso. Parte da emigración e das saídas do municipio teñen que ver con este aspecto. O referente económico da capital de Galicia serviu para dar saída a produtos e iniciativas do propio termo municipal, á vez que foi un foco de emprego para numerosos habitantes residentes en Oroso.

Así, hoxe en día, supera a cifra dos 7000 habitantes empadroados, aínda que se se teñen en conta os residentes a cantidade achégase aos 10.000 habitantes, cunha media de nacementos por ano próxima aos 100 nados.

Festas do concello de Oroso

Os Ánxeles
San Mamede 7–8 de agosto (con verbena)
Marzoa
San Martiño 11–12 de novembro
Sto. Antonio 13 de xuño (con verbena)
San Pedro 29 de xuño
Cardama
San Isidro 15 de maio (con verbena)
Sta. María 15–16 de agosto
Corpus domingo seguinte a Sta. María (con verbena)
Gándara, A
Sta. Bárbara 2º domingo de setembro (con verbena)
San Miguel últimos sábado e domingo de setembro
Deixebre
Margarida 20 de xullo ou domingo seguinte (con verbena)
Sta. María 15–16 de agosto
Calvente
San Xoán 24–25 de xuño
Mercé, San Román 8–9 de setembro (con verbena)
Oroso
San Martiño 11–12 de novembro
Sacramento 2º domingo de agosto (con verbena)
Pasarelos
San Román 9 de agosto (con verbena)
San Román a fin de semana máis próxima ao 18–19 de novembro
Senra
Sta. Bárbara 1º domingo de outubro (con verbena)
Sta. Eulalia 10–11 de decembro
Corpus 19 de xuño (variable)
Carme último domingo de xullo
Vilarromarís
Sacramento 1ª fin de semana de xullo (con verbena)
San Tomé 20–21 de decembro
Sigüeiro
Sacramento último domingo de agosto (con verbena)
Sta. Eufemia 16 de setembro (con verbena)
Sto. André 30 de novembro – 1 de decembro (con verbena)
Trasmonte
San Román 1º domingo de xuño (con verbena)
Sacramento 3º domingo de agosto
Sto. Estevo 26–27 de decembro

Festas socioculturais do Concello

Festa da troita

Dende 1996, vén celebrándose todos os anos a comezos de maio a Festa da Troita, un festexo que ten como elemento central o concurso de pesca e a degustación da troita dos nosos ríos. Este evento foise lexitimando co paso do tempo e, hoxe en día ofrece, á parte das actividades de sempre, unha gran oferta cultural e de ocio.

Semana cultural

Festa da Malla

O Concello de Oroso organiza cada ano nunha parroquia unha festa para recuperar a cultura tradicional, centrada na sega e na malla, coa que se pretende que todos os veciños colaboren na recuperación da riqueza cultural do municipio. Xente de todas as idades xúntase para segar, atar os monllos (brazados de trigo) e facer os medeiros (grupos de monllos, colocados de pé uns contra os outros, que se fan na leira despois da sega). A xornada remata cunha merenda para todos os veciños que participen na recuperación desta actividade tradicional: unha merecida recompensa despois do traballo realizado. Xunto a isto, organízase unha serie de actividades paralelas, como a recuperación de xogos tradicionais, bailes e conferencias.

Que Visitar

Patrimonio arqueolóxico

Megalitismo

Entre as mámoas ou medorras, enterramentos datados entre o ano 3500 a. de C. e o 1700 a. de C., con menos alteracións encontramos estas:
Medorras do Petón (Senra)
Medorra de Vilar de Arriba (Deixebre)
Medorra do Couto de Lobo (Recouso, Marzoa)
Medorra do Prado de Figueira (Marzoa)
Medorra da Costa (Trasmonte)
Medorra de Gadamil (Vilarromarís)
O achado arqueolóxico máis importante desta época é o machado da Garabanxa (Calvente), duns 4000 anos de antigüidade.

Idade de Bronce

Esta época histórica ten varias fases comprendidas entre o ano 1700 a. de C. e o 500 a. de C. O resto arqueolóxico máis coñecido é a punta de lanza de Deixebre, que ten uns 2700 anos de antigüidade.

Cultura Castrexa

A Cultura Castrexa, caracterizada polos castros ou asentamentos fortificados situados en zonas elevadas, está datada entre o século VI a. de C. e o século I da nosa era.

No concello de Oroso hai catalogados 16 castros, o mellor conservado dos cales é o Castro de Vilalbarro (Oroso).



Colar do Castro

Escudo no panteón dos Somoza

En varios castros encontrouse cerámica, muíños de man e outros utensilios da época.

Os restos arqueolóxicos máis importantes da Cultura Castrexa no concello de Oroso atopáronse no Castro de Recouso (Marzoa): trátase do denominado tesouro do Castro de Recouso, formado por arracadas, cadeas, argolas, etc., e datado nalgún ano entre o século IV a. de C. e o século I a. de C.

Arquitectura civil

Ponte de Sigüeiro, séc. XIII – XIV (Sigüeiro)
Ponte Carollo (Carollo)
Ponte Ulloa (Sigüeiro)

Casa Carril

Pazo de Meimixe, séc. XVII – XVIII (Os Ánxeles)
Casa, escudo e panteón dos Somoza, séc. XVIII (Marzoa)
Casa dos Raelas, séc. XVIII (Deixebre)
Casa do Carrales (Castro, Senra)
Casa de Carril, séc. XVIII (Oroso)
Casa de Gadamil (Vilarromarís)
Escudo da casa do Vinculeiro (Vilares, Senra)
Escudo de Rial (Trasmonte)
Estación de Garga (Trasmonte)

Arquitectura relixiosa

No concello hai 11 igrexas, unha por parroquia, e tres capelas. As capelas están situadas na Garabanxa (Calvente), San Román (Trasmonte) e no Pazo de Meimixe (Os Ánxeles). Algunhas igrexas gardan interesantes retablos barrocos e neoclásicos. De par das igrexas sitúanse os cruceiros, que van dos máis sinxelos, en forma de cruz, aos máis ornamentais. As igrexas, cruceiros e cruces máis destacados son:
Igrexa de Senra, séc. XVIII aínda que orixinariamente era románica
Igrexa da Gándara, séc. XVII e XVIII
Cruceiro de Oroso, séc. XVIII
Cruceiro de Senra, séc. XVIII
Cruceiro de Trasmonte, séc. XVIII
Lápida en Cardama, séc. XVII
Cruz das Penas de Valiño (Os Ánxeles)

Arquitectura tradicional

Muíños

Polos regos e ríos do concello hai dispersos un bo número de muíños, algúns deles aínda en funcionamento. Destacan os seguintes:

Muíño de Gadamil

Muíño da Grela (Marzoa)
Muíño do Trillo (A Gándara)
Muíño de Vigo ou do Rego Tellado (A Costa, Trasmonte)
Muíño da Ribeira (Trasmonte)
Conxunto etnográfico dos muíños de Senra e de Cardama (concentración de 11 muíños)
Maquía da ponte Marzoa (Marzoa)

Hórreos

En todas as parroquias do concello encontramos hórreos moi interesantes, tanto da tipoloxía hórreo de Ordes como de planta alongada. Son de destacar estes:
Hórreo do pazo de Meimixe (Os Ánxeles)
Hórreo de Gadamil (Vilarromarís)
Hórreo de Vilarelle (Vilarromarís)
Hórreo en Viñán e na Burata (Senra)
Hórreo en Carollo (Cardama)
Hórreo da Costa (Trasmonte)

Áreas recreativas

Illa do Refuxio

Como chegar

A 12 km de Santiago de Compostela en dirección á Coruña pola estrada N–550, chégase á vila de Sigüeiro. Na praza da Foca, cóllese a estrada provincial CP–3801 que vai de Sigüeiro a Frades. No quilómetro 1, hai un desvío á dereita chamado Camiño do Refuxio, que cómpre percorrer uns 200 metros para atopar un sitio natural de gran beleza formado por unha insua situada no medio do río Tambre.

Illa do refuxio

Descrición

Insua de forma alongada situada a rentes dunha presa. Na parte norte ten unha pequena praia fluvial. A súa superficie está cuberta de carballos de gran tamaño que ofrecen unha mesta sombra no verán. A insua está rodeada de abeneiros e salgueiros, vexetación característica das ribeiras dos ríos que atravesan o concello. Dúas pasarelas de cemento, unha por cada lado do río, dan o acceso á insua. Para aproveitar a riqueza troiteira do Tambre nesta zona, creouse o couto de pesca denominado Sigüeiro, un dos máis troiteiros e apreciados polos pescadores de toda a provincia.

Servizos

Superficie: 0,6 hectáreas
9 mesas familiares, 1 gran grella e 2 pequenas, 1 fonte, Varios contedores de lixo. Ampla zona de aparcadoiro, 1 mesón privado (aberto os meses de verán).

A Ponte Arderís

Como chegar

Dende a vila de Sigüeiro, concretamente da praza da Foca, sae a estrada provincial CP–3801 en dirección a Frades. A 10,5 quilómetros, encóntrase un cartel que indica a área recreativa a carón da estrada e da Ponte Arderís, na Parroquia de Senra.

Descrición

A área recreativa da Ponte Arderís está formada por unha pequena parcela na marxe esquerda do río Samo, afluente do Tambre. Foi inaugurada no ano 1997. Nela medran abeneiros, carballos, bidueiros, castiñeiros e algunha mimosa. Cómpre destacar unhas pequenas escaleiras de pedra que baixan ao río, a unha zona remansada e moi apropiada para o baño estival.

Sendeiro na área recreativa do refuxio

Área recreativa de Senra

Servizos

5 mesas familiares, 2 grellas, 1 contedor de lixo.

Penateixa

Como chegar

Dende a vila de Sigüeiro, concreta-mente da praza da Foca, sae a estrada provincial CP–3801 en dirección a Frades. A 1,5 quilómetros, encón-trase un cartel que indica o desvío para chegar á área recreativa, que está a uns 100 metros, regada na súa marxe dereita polo río Tambre.

Descrición

A área recreativa de Penateixa está formada por un espazo aberto delimitado por ringleiras de abeneiros e carballos. Ofrece un amplo espazo para gozar do sol e para o esparexemento dos nenos, así como unha sombra debaixo do arboredo. En distintas zonas da área recreativa poden verse frondosos carballos e piñeiros. Ao longo do río, os pescadores poden gozar no couto de pesca Sigüeiro.

Servizos

Superficie: 0 ,9 hectáreas
6 mesas familiares, Varios contedores de lixo, Ampla zona de aparcadoiro, 1 mesón privado (aberto todo o ano).

O Cachopal

Como chegar

No quilómetro 12,5 da estrada provincial CP–3801 Sigüeiro–Frades, chégase á aldea do Cachopal, na parroquia de San Mamede dos Ánxeles. Cóllese unha pista asfaltada á dereita en dirección á igrexa de San Mamede. A uns 400 metros da estrada xeral, á dereita, está a área recreativa do Cachopal.

Descrición

A área recreativa do Cachopal está formada por dúas parcelas situadas na marxe dereita do río Maruzo, afluente do Tambre. A parte norte está poboada por frondosos piñeiros e a rentes do río hai unha pradería. Cómpre destacar nesta última zona o Muíño da Ponte, de dous pés, restaurado parcialmente no ano 1996. Esta área recreativa, inaugurada no ano 1997, está rodeada por abeneiros e carballos.

Servizos

6 mesas familiares, 2 grellas, 1 fonte, 1 contedor de lixo.

Área recreativa da Garabanxa

Muíño de Vigo ou Rego Tellado

Como chegar

Indo pola N–550 en dirección á Coruña, á altura do quilómetro 43, vírase cara a unha pista que hai á esquerda xusto fronte ao taller Maquinaria Oroso. Ándase uns 300 metros por esa pista asfaltada e déixase atrás un cruzamento. A uns 150 metros do cruzamento, circulando xa por unha pista de terra, hai unha desviación á dereita que leva directamente a esta área recreativa.

Descrición

A área recreativa do Rego Tellado é un espazo natural de reducidas dimensións que posúe un atractivo muíño que rehabilitou o Concello no ano 2004. Este espazo atópase rodeado de abeneiros, bidueiros, carballos, abeneiros e prados, que lle confiren un encanto especial e convérteno nun lugar digno de ir ver.

Servizos

1 gran mesa de pedra con capacidade para 30 persoas, 1 grella, 1 muíño en activo.

Concello de Oroso (Sigüeiro)

Plano do rueiro de Sigüeiro (Oroso) Esc 1:5.000

Indicador de numeración urbana 1
Casa do Concello A
Centro Cultural «Fernando de Casas e Novoa» B
Centro de Saúde C
Taxi D
Axencia Xeral de Desenvolvemento E
AENA Radiovaliza Exterior F
Dirección Xeral de Navegación Aérea, Rexión Centro Norte G
Polideportivo Municipal H
Colexio de Educación Infantil e Primaria de Sigüeiro-Oroso I
Campo de Fútbol «Lino Balado» J
Piscina Municipal K
Instituto de Ensino Secundario L
Polideportivo M

Ruta dos Muíños

DISTANCIAS QUILOMÉTRICAS

(INICIO) Gadamil (entrada CP-3801 Sigüeiro–Frades/km 5,550)	0,000	0,000
Muíño de Gadamil	0,359	0,359
Muíño Novo	1,286	0,927
Muíño do Curro	1,386	0,100
Camiño Medieval	2,525	1,139
Ponte Carollo	3,566	1,041
Igreja de Cardama	4,126	0,560
Muíño do Miguelo	4,947	0,821
Muíño do Grasixo	5,739	0,792
Muíño dos Encoxgadoiros	5,875	0,136
Muíño do Cinsco	6,030	0,155
Muíño do Carballo	6,255	0,255
Aldea do Requeiro	7,582	1,327
(INICIO) A Baiuca (entrada CP-3801 Sigüeiro–Frades) Senra	8,121	0,539

Itinerario de interese etnográfico e natural que discorre polas proximidades do Rego do Muíño (**parroquias de Senra e de Cardama**) e polo Rego do Muíño (**parroquia de Vilarromarís**) que, a pesar de levar o mesmo nome, son regos diferentes. Presenta unha lonxitude de 8.121 m de distancia, con partida da aldea de Gadamil (Vilarromarís) e con chegada na Baiuca (Senra). O **grao de dificultade** é **alto** no primeiro quilómetro, a partir do cal a dificultade convértese en baixa.

Ruta do Camiño Real

DISTANCIAS QUILOMÉTRICAS

(INICIO) O Castro. Límite entre os concellos de Ordes e Oroso	0,000	0,000
Baxoia	1,000	1,000
Medorra de Vilar de Arriba	2,356	1,356
Fonte da Santiña	3,630	1,274
Cruceiro de Oroso	6,302	2,672
Castro de Vilalbarro	7,204	0,902
Campo da Malata	8,210	1,006
Castro de Vilares	8,362	0,152
Ponte Ulloa	10,191	1,829
Sigüeiro (praza do concello)	10,625	0,434
(FINAL) Ponte Sigüeiro	11,140	0,515

Itinerario de interese histórico, arqueolóxico, arquitectónico e natural que discorre ao longo do desaparecido antigo Camiño Real ou Inglés, que comunicaba as cidades da Coruña e Betanzos con Santiago de Compostela. Cunha lonxitude de 11.140 m, transcorre polas **parroquias de Deixebre e Oroso**, saíndo do Castro, no límite do concello con Ordes, ata a Ponte de Sigüeiro, no límite con Santiago de Compostela. O **grao de dificultade é baixo**.

Ruta do Tambre

DISTANCIAS QUILOMÉTRICAS

(INICIO) Sigueiro. (Praza da Foca)	0,000	0,000
Ponte Sigüeiro	0,090	0,090
O Refuxo (ida)	1,998	1,908
Penateixa (ida)	2,458	0,460
Porto Aveira (ida)	3,073	0,615
Ponte Nova de Pilleirón	4,984	1,911
Igreja de Gándara	6,731	1,747
Porto Aveira (volta)	7,703	0,972
Penateixa (volta)	8,318	0,615
O Refuxo (volta)	8,778	0,460
(FINAL) Sigueiro. (Praza da Foca)	10,240	1,462

Itinerario circular de interese natural que discorre á beira do río Tambre, pola súa marxe dereita.

Localízase entre as **parroquias de Oroso e A Gándara**, ten unha lonxitude de 10.240 m e un **grao de dificultade baixo**. Os puntos de partida e de chegada están na praza da Foca, en Sigüeiro.

Camiños histórico–medievais

Camiño Inglés

O Camiño Inglés comunicaba A Coruña e Betanzos con Santiago de Compostela. O camiño chega ao concello de Oroso polo lugar de Baxoia, de amplas panorámicas. Pasando Baxoia, atravésase a autoestrada a uns 250 metros do núcleo. Séguese por unha corredoira que leva ao Cacheiro, onde se vira á dereita en dirección a Sigüeiro, distante seis quilómetros; pásase por unha zona de pastos e cultivos e a carón do núcleo de Oroso de Abaixo, sempre por pista de concentración parcelaria. Por ela chégase ata preto de Sigüeiro, xirando á esquerda e saíndo á estrada no lugar da Foca. Continúase ata Sigüeiro, onde, en chegando ao cruzamento coa N–550, se colle á dereita e se atravesa o río Tambre por unha ponte románica do século XII amañada no XIV e recentemente ensanchada de xeito desafortunado. Despois de pasar a ponte de Sigüeiro sobre o río Tambre, o peregrino está no concello de Santiago de Compostela.

Outros camiños de interese

Camiño Grande ou Francés Comunicaba Sigüeiro con Betanzos.

Camiño a Sobrado Comunicaba Sigüeiro con Sobrabo.

Outros elementos do patrimonio

Relexo de sol en Cas (Os Ánxeles)

Relexo de sol no antigo igrexario de Deixebre